

Praza número: 25/1048

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Número de prazas: 1

Dedicación: Parcial P06

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Na Coruña, ás 17:00 horas do 16 de outubro, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Manuel Fernández Ferreiro

Secretaría: Ángela Joaquina Llanos Tojeiro

Vogal: Carlos Juan Gómez Blanco

Rep. Trab. (s/voto): Xosé Manuel Sánchez Rei

Na Coruña, a 16 de outubro do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/1048

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Número de prazas: 1

Dedicación: Parcial P06

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: *Tradución e Interpretación*.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I, e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, traducións e recensións recibidas, número de asinantes de cada aportación.

En canto aos índices de calidade editorial, aplicaranse os mesmos criterios que no apartado de investigación para libros e capítulos de libro.

Os libros sen ISBN e/ou autoeditados non serán valorados baixo ningunha circunstancia.

Valoraranse con 0,1 puntos os materiais e libros de texto non deseñados para a docencia universitaria, sempre e cando traten materias relacionadas coa lingua inglesa, as súas literaturas e/ou culturas.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, tipo de participación da persoa candidata.

Praza número: 25/1048

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Os proxectos de innovación docente orientados á docencia na área de Filoloxía inglesa valoraranse con 3 puntos no caso do director ou responsable e con 1 no caso dos participantes.

A pertenza a grupos de innovación docente orientados á docencia na área da Filoloxía inglesa valorarase con 0,25 puntos por ano de pertenza no caso do responsable ou director e de 0,10 por ano no caso dos participantes.

Valoraranse con 0,30 puntos aqueles proxectos de innovación docente universitaria que non estean orientados á docencia na área de Filoloxía inglesa.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, duración, lugar.

Estadías docentes centradas na docencia, de duración superior a un mes, en materias relacionadas coa área de Filoloxía inglesa, en institucións de educación superior nacionais (máximo de 1 punto por mes de estadía) e internacionais (máximo de 2 puntos por mes de estadía).

Valoraranse con entre 0,10 puntos (nacionais) e 0,20 puntos (internacionais) por mes aquelas estadías que non estean orientadas á docencia na área de Filoloxía inglesa.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, duración, lugar.

Estancias de mobilidade docente STA ou similares en institucións de educación superior nacionais (máximo 1 punto por estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por estadía).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: relación coa docencia na área de coñecemento.

Os premios e recoñecementos docentes outorgados polo labor realizado en proxectos ou iniciativas relacionadas coa docencia na área da Filoloxía inglesa valoraranse con 0,5 puntos.

Artigos de docencia en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, número de asinantes de cada aportación.

Comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de un punto por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, prestixio do organismo organizador, calidade e prestixio da editorial, impacto, número de asinantes de cada aportación.

Praza número: 25/1048

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Número de prazas: 1

Dedicación: Parcial P06

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, indexación da revista nas bases de datos especializadas.

Terase en conta o número dos asinantes de cada aportación (un autor, coeficiente de ponderación de 1; 2 autores, coeficiente de ponderación de 0,75; 3 autores, coeficiente de ponderación de 0,50; catro e máis autores, coeficiente de ponderación de 0,25).

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as e prestixio editorial.

Os libros e capítulos de libro publicados en editoriais situadas na clasificación SPI: 5 puntos por libro completo e 1 punto por capítulo.

O resto dos traballos publicados en editoriais non incluídas en SPI valoraranse con 2 puntos o libro e 0,40 puntos o capítulo.

Terase en conta o número dos asinantes de cada aportación (un autor, coeficiente de ponderación de 1; 2 autores, coeficiente de ponderación de 0,75; 3 autores, coeficiente de ponderación de 0,50; catro e máis autores coeficiente de ponderación de 0,25).

No caso das enxeñaría, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: —

III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,50 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, carácter nacional ou internacional (apoiado por unha institución ou sociedade científica recoñecida).

Valorarase o carácter nacional ou internacional do congreso e o número de autores/as aplicando os seguintes coeficientes á puntuación do traballo:

Carácter	Núm. de autores/as	Coeficiente de ponderación	Carácter	Núm. de autores/as	Coeficiente de ponderación
Internacional	1	1	Nacional	1	0,7
Internacional	2	0,9	Nacional	2	0,6
Internacional	+2	0,8	Nacional	+2	0,5

Praza número: 25/1048

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Filoloxía Inglesa

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, rol desempeñado.

Valorarase a participación acreditada en programas de divulgación científica no ámbito universitario, participación na organización de congresos, xornadas e encontros académicos, comisariado de exposicións...

Na Coruña, a 16 de outubro do 2025

A presidencia da comisión